



ESTIMADAS FAMILIAS:

Esperamos que vos encontredes ben, en casa e levando con paciencia esta situación tan extraordinaria, unha tarefa nada fácil na que agradecemos a vosa dedicación e apoio.

Desde o inicio desta situación mantense contacto periódico por diversos medios telemáticos cos titores e titoras para poder realizar intercambio de información sobre o proceso ensino-aprendizaxe do alumnado nas circunstancias actuais.

A través desta circular queremos facervos chegar información deste final de curso tan atípico.

Con motivo da crise sanitaria internacional producida pola pandemia de COVID-19 que estamos padecendo, todas as clases e programas de estudio víronse afectados.

De acordo ás Instrucións para o desenvolvemento do terceiro trimestre e do final do curso na Comunidade de Galicia como consecuencia do estado de alarma provocado polo Covid-19:

- o centro respectará a normativa vixente á hora de ponderar a promoción ou repetición de curso
- o proceso de avaliación centrarase nos contidos e as competencias abordadas nos dous primeiros trimestres
- á hora de axustar os criterios de cualificación, terase en conta a evolución do alumnado durante os dous primeiros trimestres do curso escolar e o traballo desenvolvido durante o terceiro (sempre en beneficio do alumnado).

A partir das citadas Instrucións, modificáronse as programacións didácticas correspondentes ao curso 2019-2020. Poden ser consultadas na páxina web do centro

<https://www.colexioatlantida.com/> onde están organizados por cursos en Infantil e Primaria ou Departamentos na ESO.

En relación á recuperación de materias pendentes de cursos anteriores na ESO, a aplicación do estado de alarma modificou o proceso de avaliación. Os/as titores/as legais e o alumnado deben consultar ao profesorado se teñen algunha dúbida sobre o proceso de recuperación destas materias, a través da conta de correo electrónico facilitada para cada curso.

O aprobado non será xeral e queremos que saiban que o esforzo que está facendo o alumnado será recompensado.

### **Promoción e titulación.**

No caso da promoción (pasar de curso) ou da titulación (4º ESO) houbo tamén novidades derivadas da situación actual. O número de materias suspensas deixa de ser o criterio no que fundamentar as decisións. Para este curso, o criterio é o nivel de adquisición de competencias básicas do alumnado e a consecución dos obxectivos xerais de etapa. En base a eles, os equipos docentes establecen quen promociona e/ou titula. Entendendo a repetición como unha medida excepcional. As decisións tomaranse por consenso do equipo docente ou, polo menos, con maioría simple.

O alumnado que deba repetir recibirá un Informe xustificativo e levará a cabo un plan de traballo específico o curso próximo. Do mesmo modo, o alumnado que promocioe con materias pendentes na ESO, haberá de desenvolver un plan de traballo de reforzo e recuperación o próximo curso e deberá recuperar as materias pendentes ademais das materias do novo curso.

### **Na ESO:**

Na avaliación ordinaria de xuño

o alumnado que suspenda algunha materia recibirá un Plan de traballo individual para poder recuperar a materia con vistas á avaliación extraordinaria. Este Plan,

atendendo á normativa vixente, solo pode afectar aos contidos avaliados na primeira e segunda avaliación e levará indicacións sobre os instrumentos de avaliación (tarefas, traballos, etc.) e as datas de entrega ou realización.

Na avaliación extraordinaria de setembro:

o profesorado avaliará ao alumnado en función do Plan de traballo individual.

Quedamos á súa disposición para todo aquilo que necesiten

En Vigo, a 20 de maio de 2020.

O equipo directivo.